



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

**SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES**  
**SECCIÓN DE DEPORTES**

**Expediente:** 2024000023812

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES DO II CIRCUÍTO ATLETISMO EN PISTA**  
**DEPUTACIÓN DE CORUÑA**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

Vista a proposta do Deputado de Deportes e os informes da Sección de Deportes, Secretaría Xeral e o Servizo de Fiscalización

**RESOLVO:**

**Primeiro:** - Aprobar as bases do **II CIRCUÍTO ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE CORUÑA**, que de desenvolverá segundo as seguintes

**BASES**

**Base 1. Obxecto e finalidade**

Está integrado por 3 xornadas a realizar en pistas de atletismo homologadas da provincia da Coruña, organizado pola Federación Galega de Atletismo, cos seguintes obxectivos:

- Incentivar o deporte federado en categorías base, como vertebrador e garante dunha práctica segura e de calidade.
- Fomentar o deporte de Atletismo.
- Impulsar a cohesión e a participación social na provincia, utilizando o deporte como instrumento.
- Promocionar a provincia e os seus municipios como “territorios activos”, e contribuír ao seu desenvolvemento económico a través do deporte.

## **Base 2. Destinatarias**

Todas as persoas, empadroadas en concellos da provincia da Coruña, que estean en posesión de licenza federativa, nadas entre os anos 2017 e 2012 sobre as que non exista sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición.

*- Terán preferencia os/as atletas da provincia da Coruña. Cada club presentará tantos atletas como desexe.*

Nas probas e sectores existirá unha limitación de participantes; Dependendo do número de inscritos en cada unha das probas, se o número de solicitudes fora superior á capacidade máxima da instalación ou de organización, seleccionárase aos participantes utilizando os seguintes criterios de selección: outorgar prioridade aos atletas da provincia da Coruña, limitar o número máximo de participantes por club, imposibilidade de repetir proba en xornadas diferentes o mesmo atleta.

As probas irán dirixidas as categorías Sub 10, Sub 12, e Sub 14, en modalidade masculina e feminina.

As categorías establecidas para mulleres e homes son:

<b>CATEGORÍA</b>	<b>ANOS DE NACEMENTO</b>
SUB 10	2016- 2017
SUB 12	2014 – 2015
SUB 14	2012 - 2013

## **Base 3. Inscrición e compromiso de participación.**

A inscrición das persoas participantes, que será de balde, realizarase ao través do sistema online da web da Federación Galega de Atletismo <https://sdp.rfea.es/>, ata as 20:00 horas do luns da semana anterior a proba.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación das aceptadas ata as 10:00 horas do mércores seguinte.

Calquera baixa debe ser comunicada a [competición@atletismo.gal](mailto:competición@atletismo.gal).

A responsabilidade das inscricións de atletas corresponderá aos clubs.

Todas as persoas participantes no **II CIRCUITO DEPUTACIÓN DE CORUÑA DE ATLETISMO EN PISTA**, polo mero feito de realizar a inscrición aceptan as presentes bases e, no caso de dúbida, prevalecerá sempre o criterio da Organización.

#### **Base 4. Desenvolvemento e normativa da competición**

A competición organizarase nun sistema de circuíto integrado por varias xornadas a realizar en pistas homologadas da provincia da Coruña.

En cada unha das xornadas competirán as categorías sinaladas na base número 2. Destinatarias.

#### **4.1 Probas**

As modalidades de probas a realizar serán as seguintes:

MODALIDADES	CATEGORÍAS		
	SUB 10	SUB 12	SUB 14
VELOCIDADE	50	60	60
FONDO	500	500	500
SALTO	ALTURA	ALTURA	ALTURA
SALTO	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE
LANZAMENTO	LANZAMENTO DE PESO	LANZAMENTO DE PESO	LANZAMENTO DE PESO

Todos os participantes no **II CIRCUITO DEPUTACIÓN DE CORUÑA DE ATLETISMO EN PISTA**, polo mero feito de realizar a inscrición aceptan as presentes bases e, no caso de dúbida, prevalecerá sempre o criterio da Organización.

Os regulamentos de cada modalidade de proba publicaranse polo menos con 15 días de antelación.

Nas modalidades de proba existirá unha limitación de participantes.

Dependendo do número de persoas inscritas en cada unha delas, se o número de solicitudes fora superior á capacidade máxima da instalación ou de organización, seleccionaranse ás participantes utilizando os seguintes criterios de selección:

- Limitar o número máximo de participantes por club.
- Un/unha atleta non poderá repetir modalidade en xornadas diferentes.

## **4.2 Lugar e datas**

As probas do **II CIRCUITO DEPUTACIÓN DE CORUÑA DE ATLETISMO EN PISTA**, terán lugar en pistas de atletismo homologadas en concellos da provincia en datas comprendidas entre os meses de agosto a decembro do 2024.

## **4.3 Normativa:**

Os regulamentos de cada xornada publicaranse como mínimo con 15 días de antelación.

No II Circuito de Atletismo en Pista Deputación de Coruña serán de aplicación as normas establecidas nos estatutos e regulamentos da Federación Galega de Atletismo, Real Federación Española de Atletismo e a World Athletics, e en caso de dúbida prevalecerá o criterio da organización.

É obrigatorio o uso do dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será a súa responsabilidade a de levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamada.

## **4.4 Sistema de clasificacións**

En aqueles sectores nos que exista mais dunha proba, outorgaranse puntos pola táboa WA. En caso de empate nalgunha marca, desempatarase segundo a clasificación do día en que se realizou a marca.

## **Base 5. Premios**

Ao finalizar o circuito recibirán trofeo:

- Tres primeiros atletas de cada categoría, homes e mulleres, con mais puntuación nos sectores de velocidade, fondo – medio fondo, saltos e lanzamentos.
- Tres primeiros clubs clasificados.

## **Base 6. Seguridade**

A celebración da cada unha das xornadas que integran o “**II CIRCUITO DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE CORUÑA**” contará con:

- Medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia das persoas participantes e espectadoras.
- Asistencia sanitaria correspondente a deportistas ao través dos mecanismos que se establezan na lexislación vixente.
- Seguro de responsabilidade civil derivada dos danos causados como consecuencia da organización e da realización das probas.
- Seguro de accidentes deportivo para participantes, ao través do seguro proporcionado pola licenza expedida pola Federación Galega de Atletismo.
- Protocolo de evacuación en caso de accidente.

## **Base 7. Protección de datos**

Os datos persoais, entre os que se inclúe a imaxe, obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán tratados pola entidade/empresa responsable da execución do servizo de organización, coordinación e execución da proba ao través da persoa encargada do tratamento dos mesmos.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas e/ou entidades no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

**Segundo:** Dispoñer a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.